



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Listaxe de solicitudes admitidas e excluídas para impartir os cursos de comunicación en lingua castelá N2, lingua galega N2 e módulo de inglés para o curso de asistencia á dirección.

Departamento Recursos Humanos

EXPEDIENTE: 2022/E001/000031

Logo de ver que rematou o prazo de presentación de solicitudes para participar no procedemento selectivo da contratación do persoal laboral temporal de persoal docente para impartir os cursos de comunicación en lingua castelá N2, comunicación en lingua galega N2, módulos de inglés e francés no curso de Asistencia á dirección, cuxa convocatoria e bases foron aprobadas por decreto de alcaldía 275/2024 de data 27 de febreiro de 2024, publicadas no BOP o día 29 de febreiro de 2024 e cuxo prazo de presentación de instancias abarcou dende o 1 ao 7 de marzo, ambos incluídos.

E de ver o informe da Técnica de Recursos Humanos referente á relación de persoal aspirante e os documentos que presentan.

O alcalde ostenta a atribución para resolver estas cuestións, ao abeiro do artigo 21.1 da LBRL e demais lexislación.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1.- Aprobar a listaxe do persoal admitido e excluído nos seguintes procesos selectivos:

Curso comunicación en Lingua Galega N2:

Solicitudes admitidas:

<u>Apelidos e nome</u>	<u>Rexistro entrada</u>	<u>Proba de galego</u>	<u>DNI</u>
Abelenda Santos, Beatriz	1057 (06/03/2024)	Exento	***0338**
Bravo Iglesias, María Begoña	202490000000605 (07/03/2024)	Exento	***8956**

Solicitudes excluídas:

Ningunha

Curso comunicación en Lingua Castelá N2:

Solicitudes admitidas:

<u>Apelidos e nome</u>	<u>Rexistro entrada</u>	<u>Proba de galego</u>	<u>DNI</u>
Abelenda Santos, Beatriz	1057 (06/03/2024)	Exento	***0338**
Bravo Iglesias, María Begoña	202490000000602 (07/03/2024)	Exento	***8956**

Solicitudes excluídas:

<u>Apelidos e nome</u>	<u>Rexistro entrada</u>	<u>Causa de exclusión</u>	<u>DNI</u>
Suárez Rodríguez, María	10202499900000484 (05/03/2024)	Non presenta ningunha documentación esixida como requisitos mínimos	***9946**

Módulos de inglés

Solicitudes admitidas:

<u>Apelidos e nome</u>	<u>Rexistro entrada</u>	<u>Proba de galego</u>	<u>DNI</u>
Antelo Santos, M. ^a Jesús	1071 (07/03/2024)	Non exento	***4355**

Solicitudes excluídas:

<u>Apelidos e nome</u>	<u>Rexistro entrada</u>	<u>Causa de exclusión</u>	<u>DNI</u>
Prado Sexto, Raquel Carmen	202499900000513 e 514 (07/03/2024)	Non cumpre coa titulación e experiencia profesional esixible para impartir o módulo	***9966**

2.- Atendendo ao informe da Técnica de Recursos Humanos e tendo en conta que a causa de exclusión non é subsanable por non estar en posesión da mesma, elevar a definitiva a listaxe provisional de persoal aspirante admitido e excluído.

3.- Designar nominativamente aos membros do tribunal cualificador para levar a cabo a fase de oposición tal e como se regula nas bases que rexen o proceso de selección.

Presidenta:

-Luz María Vieito Díaz, funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.

Vogais:

-M^a Cristina Pereira Ulla, persoal laboral fixo do Concello, ou persoa que o substitúa.

-M^a Isabel Barreiro Paredes, persoal laboral fixo do Concello, ou persoa que o substitúa.

-María Magdalena Ordóñez Villar, funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.

Secretario do Tribunal:

-Francisco Javier Ulloa Arias, funcionario habilitado nacional do Concello de Santa Comba, ou persoa que o substitúa.

4.- Publicar a listaxe de solicitudes admitidas e excluídas e a composición do tribunal cualificador conforme ás bases que regulan o proceso de selección.

5.- Convóquese ao tribunal cualificador para a constitución do tribunal de selección e levar a cabo a fase de concurso o 13 de marzo de 2024 ás 11:00 horas e a fase de oposición o 13 de marzo de 2024 ás:

-15:00 horas persoal docente lingua castelá N2.

-15:30 horas persoal docente para impartir o módulo de inglés no curso de asistencia á dirección.

-16:00 horas persoal docente lingua galega N2.

A fase de oposición farase no edificio Multiusos do Concello de Santa Comba (Rúa Curros Enríquez, s/n).

Acudir provisto de DNI ou documento fidedigno acreditativo e bolígrafo azul.

6.- Dar traslado deste decreto, aos membros designados.

7.- Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que se celebre.

Santa Comba,

O alcalde,

Dou fe, A Secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada